CONCELLO DE SANTIAGO

Estimado/a xerente:

No ano 1975, a ONU celebrou por primeira vez o 8 de Marzo como Día Internacional das Mulleres. Desde aquela, esta data foi adquirindo unha dimensión global desde o punto de vista institucional como punto de converxencia das accións dirixidas a promover os dereitos das mulleres e a súa participación na vida política e económica. Na **Concellaría de Igualdade** do Concello de Santiago consideramos que estes esforzos por converxer nas actuacións encamiñadas á **promoción da igualdade** deben basearse en traballar cunha perspectiva máis ampla e moito máis aló dun só día. Ademais, estimamos prioritario incorporar unha perspectiva comunitaria e participativa que busque sinerxias cos diferentes colectivos e axentes sociais para que o fomento da igualdade entre mulleres e homes sexa un obxectivo de toda a cidadanía.

Partindo desta perspectiva, este ano, no marco da conmemoración do Día Internacional das Mulleres, estamos traballando na creación da marca de cidade **Compostela, Territorio das Mulleres**, que poñerá en valor tanto os **lugares e espazos** que teñen relevancia no relato histórico das mulleres como os **axentes sociais e económicos** que están promovendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en Compostela.

Dada a importancia dos sectores da hostalería e o turismo no desenvolvemento económico e social da cidade e a súa capacidade de influencia, tanto na veciñanza como nas persoas que nos visitan, gustaríanos que ámbolos dous fosen un axente motor no proceso de creación de **Compostela, Territorio das Mulleres**. A proposta concreta que lle facemos á rede de **hoteis, hostais, restaurantes e oficinas de turismo** de Santiago é a de valorar que contidos, relacionados co fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, poderían incorporar nas súas prácticas e espazos. O resultado será a **emisión dun distintivo** para aqueles establecementos que traballen nesta perspectiva así como a publicación dun mapa da cidade que faga público ese compromiso e a creación dunha plataforma web para a súa difusión e comunicación.

Convidámolo/a a participar activamente nesta inciativa que, consideramos, servirá para explorar unha dimensión turística orientada a facer de Compostela unha cidade amigable coas mulleres, e cuxa marca axudará na consolidación da capital galega como destino turístico.

Para unirse a esta campaña pode chamar, enviar SMS ou Whatsapp, antes do 8 de marzo, ao número **646003343** ou escribir ao enderezo **territoriodasmulleres@gmail.com**.
Agardando contar coa súa participación, reciba un cordial saúdo.

Marta Lois
Concelleira de Igualdade,
Desenvolvemento económico e Turismo